



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Ribeira. Parroquias: San Paio ed Carreira ao noroeste, Santa Uxía de Ribeira ao nordés, O Bo Pastor de Castiñeiras ao sureste e Nosa Señora do Carme de Aguiño ao sur. Extensión: 5,69km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla chaira litoral convexa, na que se asentan boa parte dos núcleos de poboación de Ribeira, e que presenta unha leve inclinación montañosa cara ao nordés. A natureza granitoide do substrato conforma unha costa que aínda que baixa, é rochosa e moi recortada. A orientación cara ao sueste deste sector litoral diminúe a incidencia dos procesos erosivos e facilita a deposición de areas, orixinando pequenas calas nas enseadas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O basamento rochoso está completamente formado por unha granodiorita biotítica con megacristais de idade tardihercínica. É importante anotar que a cobertura sedimentaria do Cuaternario conta con depósitos de praia e dunares en Aguiño e que conta con outros de carácter aínda non completamente adscrito no corredor deprimido Vixán-Aguiño e no existente entre Carreira e Castiñeiras. Nesta zona tamén aparecen varios xistos e paragneises de idade precámbrico-silúrica, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual por encima de 15°C, oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións medias que alcanzan valores entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano.

OS SOLOS

Tramo costeiro moi urbanizado o que propiciou a intensa modificación dos chans, dominando en definitiva os antroposóis e os arenosóis das áreas sedimentarias ao redor das praias. O resto da chaira costeira é bastante uniforme desde o punto de vista edáfico e está formada principalmente por cambisols dístricos.


AS AUGAS

As suaves pendentes inclinadas cara ao sueste nesta unidade permiten o desenvolvemento dunha rede fluvial que se recolle no arroyo Paxariño e desemboca na Enseada de Carreira. Este curso fluvial recibe pola marxe dereita ao arroyo de Listres, e a dos da Laxes e da Garita pola esquerda. Paralelamente, outros arroyos verten directamente ao mar, como o que o fai na praia de Ameixida, ao leste da unidade. En canto ás Augas Costeiras, a unidade atópase dividida en dous sectores, ao oeste do peirao de Aguiño identificaríanse coa 20101 da Punta Falcoeira, mentres que ao sur faríao xa coas Augas Costeiras de Ribeira (20148).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Costa mixta con dominio sedimentario. Nalgúns tramos rochosos aparecen os hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Existen dunas nas praias da fronte costeira da localidade de Aguiño, especialmente a Praia do Carreiro, aparecendo así o grupo 21, dunas mariñestafas atlánticas, con potencialidade para o 2230, dunas con céspedes de Malcolmietalia. A zona dunar atópase, nunha parte importante, baixo a vila de Aguiño. No continente, os hábitats atópanse moi transformados por urbanismo e actividades agropecuarias. É posible atopar pequenos bosques ripícolas (91E0) en alveolos e vaguadas acompañados por prados hidromorfos ou higrófios (potencialmente 6420 e 6430) e algúns rodais de frondosas de recolonización, pero testemuñais. Mención especial adquire o val do Rego de Paxariño, cunha formación de maiores dimensións á altura de Carreira.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Chan cunha alta porcentaxe de ocupación dedicado ao uso residencial en toda a franxa costeira e ao redor dos abundantes areas que van desde a enseada de Carreira a Punta Lañou proporcionando un alto valor turístico á zona. Ao suroeste destaca o núcleo de Aguiño con vivendas de primeira e segunda residencia e o seu porto pesqueiro cun estaleiro e naves dedicadas ao sector conserveiro, conxelados, depuradora de mariscos, etc. Tamén hai peiraos e naves repartidas por toda a franxa costeira. O parcelario agrícola esténdese polo resto da área e ao nordeste aparece a única masa forestal de repoboación de piñeiros. A rede fluvial compoñena diversos cursos entre os que destacan os arroyos Paxariño, Listres e da Garita que desembocan na Enseada de Carreira. Ao leste outro arroyo que verte directamente ao mar, como o que o fai na praia de Ameixida.

MORFOLOXÍA

A característica principal dos núcleos da unidade é o seu desenvolvemento horizontal que lles leva a ocupar unha área considerable. A tipoloxía distribúese entre vivendas unifamiliares, encostadas as de recente construción e exentas, as do núcleo primitivo de Aguiño (NIL) cunha parcela vinculada á propia vivenda. Seguindo a estrada que comunica a zona ao noroeste, atopámonos parte do núcleo de Carreira na periferia da unidade e na franxa litoral en dirección a Ribeira o resto dos núcleos e asentamentos: Listres, Castiñeiras (NIL), Vos Areeiros e Ameixida. Tamén hai vivendas unifamiliares illadas na franxa costeira usadas como segunda residencia ou formando pequenos núcleos pola zona de carácter máis rural.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede principal conforma a estrada AC-7306 atravesando o núcleo de Aguiño e bifúrcase á saída do mesmo na AC-7305 dirección norte cara a Carreira e pola AC-7307 que discorre paralela á franxa litoral. No núcleo de Aguiño o armazón viario é complexo e vertebra as diferentes parcelas asociadas ás vivendas. O resto da unidade compoñena camiños e pistas que estruturan o parcelario existente. O porto de Aguiño é o eixo socioeconómico sobre o que se desenvolve a unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacar o primitivo peirao fenicio no porto de Aguiño, a mámoa de Fleiteira en Carreira e os castelos de Aguiño, incluídos estes últimos entre os Bens de interese cultural. A igrexa parroquial de San Paio de Carreira e a Cruz de Aguiño forman parte do patrimonio etnográfico. Como patrimonio industrial marítimo temos unha ampla mostra da estreita relación que garda esta comarca co mar, e que vésee reflexada na existencia de antigas fábricas de salazón, un secadeiro de polvo e conserveiras en desuso. As festas da nosa Señora do Carme, típica festividade das vilas mariñeiras.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O núcleo de Aguiño, de carácter marcadamente mariñeiro eríxese no elemento representativo. Este desenvólvese sobre unha densa rede viaria e coa mellora do seu porto pesqueiro e os servizos do mesmo convérteno nun referente na comarca. O seu abundante número de praias e asentamentos próximos aos mesmos confiren un alto valor turístico á zona, sendo a praia de Carreira e o seu areal o máis destacable do litoral.

DINÁMICA DA PAISAXE

A mellora do porto pesqueiro de Aguiño co consecuente aumento da riqueza do núcleo trouxo consigo o desenvolvemento da rede viaria que estrutura o parcelario, así como as principais vías de comunicación propiciaron o crecemento de asentamentos espontáneos en toda a fachada costeira. O carácter tradicional mantense en toda a unidade a pesar de construírse no núcleo de Aguiño novas edificacións que non responden ao modelo tradicional.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O núcleo de Aguiño e o seu porto en conxunción cos areais do litoral manteñen unha estabilidade na dinámica da paisaxe que aínda conserva a súa naturalidade e ruralidade a pesar do importante proceso de presión urbanística dos últimos anos. Destacar o conxunto que forman a enseada e a praia de Carreira entre as puntas das Centoleiras e do Castro. A visibilidade da paisaxe está equilibrada por extensas áreas agrupadas en tres niveis: a paisaxe urbana, a agrícola e a forestal. E debido a que se asentan sobre un relevo achandado dotan ao conxunto de singular beleza.

Destacar a antigüidade dos asentamentos pola presenza do primitivo peirao fenicio no porto de Aguiño, a mámoa de Fieiteira en Carreira e os castelos de Aguiño. A existencia de antigas fábricas de salgadura, un secadero de polbo e unha conserveira en desuso dan idea do vínculo co mar e o patrimonio industrial asociado. A paisaxe aplanada permite unha visibilidade desde cotas próximas ao nivel do mar polo que se escolleu un punto de observación na punta de As Centoleiras, ofrecendo ademais a intervisibilidade entre o arquipélago de Sálvora e unha panorámica xeral da ría de Arousa e do horizonte mariño.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Desenvolvementos espontáneos na fachada litoral - concretamente as contornas de Areeiros, A Revolta e o tramo comprendido entre Punta Ameixida e Punta de Touro- co obxectivo de planificar o territorio de forma que se evite un crecemento lineal disperso desvinculado dos núcleos e sen funcións urbanas e evitar corredores urbanizados que dificulten a contemplación e conectividade do litoral convertendo o territorio nun continuo urbano.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



